

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0020	Primeiros auxilios	2025/2026	0	53	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JAVIER YÁÑEZ LÓPEZ, MARÍA AURORA RIVERA BUGALLO, MARÍA PILAR PIN QUIROGA, MARÍA TERESA LOMBA LORENZO, MARTA MARÍA GUTIÉRREZ VÁZQUEZ, BEATRIZ ÁLVAREZ RODRÍGUEZ (Subst.), MARÍA CRISTINA DOMÍNGUEZ QUEIJO (Subst.)
Outro profesorado	BEATRIZ ÁLVAREZ RODRÍGUEZ

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.
RA3 - Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.
RA4 - Aplica técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol á persoa accidentada e ás acompañantes, e describe as estratexias de comunicación aplicadas.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.2 Identificáronse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas accidentadas.
CA1.3 Describiuse o contido mínimo dunha caixa de urxencias, así como as indicacións dos produtos e dos medicamentos.
CA1.5 Describíronse os procedementos para verificar a permeabilidade das vías aéreas.
CA1.6 Identificáronse as condicións de funcionamento adecuadas da ventilación e da osixenación.
CA1.8 Describíronse procedementos para comprobar o nivel de consciencia.
CA1.10 Identificouse a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR).
CA2.1 Describíronse os fundamentos da reanimación cardiopulmonar.
CA2.6 Indicáronse as lesións, as patoloxías e os traumatismos máis frecuentes.

Crterios de avaliación do currículo
CA2.7 Describiuse a valoración primaria e secundaria da persoa accidentada.
CA2.10 Especificáronse casos ou circunstancias en que non se deba intervir.
CA3.2 Identificáronse os medios materiais de inmovilización e de mobilización.
CA3.3 Caracterizáronse as medidas posturais ante unha persoa lesionada.
CA3.4 Descríronse as repercusións dunha mobilización e dun traslado inadecuados.
CA4.1 Descríronse as estratexias básicas de comunicación coa persoa accidentada e coas acompañantes.
CA4.2 Detectáronse as necesidades psicolóxicas da persoa accidentada.
CA4.4 Valorouse a importancia de lle infundir confianza e optimismo á persoa accidentada durante toda a actuación.
CA4.5 Identificáronse os factores que predispoñen á ansiedade nas situacións de accidente, emerxencia e dó.
CA4.6 Especificáronse as técnicas para controlar unha situación de dó, ansiedade, angustia ou agresividade.
CA4.7 Especificáronse as técnicas para superar psicoloxicamente o fracaso na prestación do auxilio.
CA4.8 Valorouse a importancia do autocontrol ante situacións de estrés.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.
RA3 - Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.
RA4 - Aplica técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol á persoa accidentada e ás acompañantes, e describe as estratexias de comunicación aplicadas.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Asegurouse a zona segundo o procedemento oportuno.
CA1.4 Establecéronse as prioridades de actuación en múltiples vítimas.
CA1.7 Descríbóronse e executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.
CA1.9 Tomáronse as constantes vitais.
CA2.2 Aplicáronse técnicas de apertura da vía aérea.
CA2.3 Aplicáronse técnicas de soporte ventilatorio e circulatorio.
CA2.4 Realizouse desfibrilación externa semiautomática (DEA).
CA2.5 Aplicáronse medidas posreanimación.
CA2.8 Aplicáronse primeiros auxilios ante lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
CA2.9 Aplicáronse primeiros auxilios ante patoloxías orgánicas de urxencia.
CA3.1 Efectuáronse as manobras necesarias para acceder á vítima.
CA3.5 Confeccionáronse sistemas para a inmovilización e a mobilización de persoas doentes ou accidentadas con materiais convencionais e inespecíficos, ou medios de fortuna.
CA3.6 Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección.
CA4.3 Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1.- Consideráanse todos os Criterios de Avaliación (CA) descritos no punto 2.b como mínimos exigibles.

2.- Os criterios de cualificación serán os seguintes:

2.1.- Proba escrita:

A proba escrita versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación. Pode ser tipo test, pregunta curta, de desenvolver, de verdadeiro e falso e/ou de asociación. Para a superación da proba escrita será necesario obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

2.2.- Proba práctica:

A proba práctica consistirá en diferentes supostos prácticos de Primeiros Auxilios, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Será necesario sacar un mínimo de 5 en cada suposto práctico para superar esta proba. No caso de sacar un mínimo de 5 puntos en cada suposto práctico, a nota final da proba práctica será a media aritmética dos supostos prácticos.

Para o cálculo da cualificación final do módulo realizarase a media aritmética da cualificación acadada nas dúas probas (escrita e práctica).

Segundo o artigo 13.3 a) da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de Formación Profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a primeira parte da proba terá carácter eliminatorio, o que quere dicir que o candidato que non supere a primeira proba decaerá do dereito de presentarse á segunda.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Características da proba:

- Consistirá nunha proba escrita tipo test (con 4 posibles respostas das cales so unha é a correcta), de preguntas curtas, de desenvolver, de verdadeiro e falso e/ou asociación. Cada resposta test incorrecta descontará unha puntuación a especificar nas instrucións da proba escrita. As preguntas non respostadas non restarán. No caso dunha pregunta anulada, pasará a valorarse a primeira pregunta da reserva, e si son

mais, valoraranse as correspondentes reservas seguindo a orden das preguntas.

- As preguntas curtas, de desenvolver, de verdadeiro e falso ou asociación indicarán no enunciado o seu valor de cualificación.
- A proba terá un valor de 10 puntos.
- Para superar a primeira proba as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Duración da proba:

- A duración da proba teórica será como máximo de 120 min.

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Bolígrafo azul ou negro indeleble e non se permitirá o uso de ningún tipo de corrector tipo tìpex.
- DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo que deberá manterse na mesa durante toda a proba.

Normas:

- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comenzada a proba e tampouco se permitirá o acceso co teléfono móbil acendido, con reloxos intelixentes, nin con tablets ou calquer dispositivo que permita comunicación co exterior e/ou almacenamento de datos.
- Os bolsos, carpetas, etc, deixaranse no lugar onde indique o docente sen ter acceso a eles durante a proba.
- No caso de pelo longo, recollerase deixando os pabellóns auditivos visibles.
- Poderase entrar cunha botella de auga, sempre e cando non veña con etiqueta.
- As preguntas catalogadas como reserva serán contestadas na mesma forma que o resto de preguntas, en previsión de posibles anulacións.
- Na parte test deberase marcar cunha X a resposta correcta. No caso de erro ao marcar unha opción rechearse o recadro da resposta errada e marcarase a correcta cunha nova X. As respostas deben marcarse na plantilla correspondente, e soamente as contestacións alí feitas serán valoradas. Calquera anotación nas follas de preguntas non se terá en conta nin a favor nin en contra na cualificación da proba.
- Queda prohibido sacar o exame da aula e deberán entregarse tanto o exame como os borradores ou as follas en branco ao rematar a proba.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán calificadas cun 0 nesta segunda parte.

Características da proba:

- Consistirá en supostos prácticos de "Primeiros Auxilios" que integrarán varios criterios de avaliación.

- Cada suposto práctico valorarase de 0-10 puntos e será necesario sacar un mínimo de 5 en cada un para superar esta proba. No caso de sacar un mínimo de 5 puntos en cada suposto práctico, a nota final da proba práctica será a media aritmética dos supostos prácticos.

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Bolígrafo de cor azul ou negro indeleble.
- DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo.
- Calquer material adicional que faga falla para o desenvolvemento da proba será aportada polo cento educativo.

Duración da proba:

A duración da proba teórica estará determinada en función do número de aspirantes que se presenten á mesma, en todo caso, todos os aspirantes deberán presentarse á hora indicada no calendario de probas publicado na páxina do centro.

Normas:

- Non se permitirá o acceso á aula co teléfono móbil acendido, con reloxos intelixentes, nin con tablets ou calquer dispositivo que permita comunicación co exterior e/ou almacenamento de datos.